

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE INGLÉS DE 3º CURSO DE PRIMARIA

INDICE

1. OBXECTIVOS DO CURSO
2. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE
3. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN
4. ACTIVIDADES TIPO
5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA
6. AVALIACIÓN
 - 6.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
 - 6.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
9. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR E DE FOMENTO DA LECTURA
10. ACCIÓNS PREVISTAS PARA A INTEGRACIÓN DAS TICS
11. CONTIDOS DE TRATAMENTO TRANSVERSAL: VALORES, ACTITUDES E ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA
12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LINGÜÍSTICO
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
14. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE, PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

1. OBXECTIVOS DO CURSO

- Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén co apoio visual correspondente.
- Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.
- Falar de si mesmo, das persoas da súa contorna inmediata e de obxectos.
- Expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).
- Participar de forma activa e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.
- Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.
- Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.
- Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.
- Obter e dar información básica persoal, a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.
- Expresar nocións básicas e relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma, cor, tempo atmosférico
- Expresar a localización dos obxectos.
- Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “and, or”, adecuándoas aos propósitos comunicativos.
- Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.
- Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.

2. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

- Comprender o sentido xeral de narracións breves con estruturas simples e léxico cotián (materiais escolares, roupa, animais, comidas, deportes, actividades diarias), articulados con claridade e lentamente, e que contén con apoio visual.
- Identificar palabras e frases simples relacionándoas con imaxes ilustrativas.
- Utilizar as rutinas de saúdo e despedidas.
- Expresar os seus gustos e intereses seguindo un modelo.
- Reproducir comprensiblemente textos orais sinxelos.

- Preguntar e responder para obter información sobre nome, idade, gustos persoais ou información sobre imaxes dadas.
- Comprender o sentido xeral dunha historia sinxela acompañada de apoio visual.
- Escribir palabras e frases moi sinxelas relacionándoas cos temas traballados previamente de forma oral.
- Responder de forma escrita a preguntas sobre temas traballados na clase como onde está un obxecto, de que cor é, cales son os seus gustos e habilidades.
- Comprender e usar a maior parte do vocabulario básico dos temas tratados.
- Presentar os traballos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía adecuada á súa idade.
- Valorar os aspectos culturais da lingua inglesa nun contexto significativo para o alumno.

3. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

Comúns ós tres trimestres:

-Interpretación das ideas principais expresadas en textos orais sinxelos a partir das súas experiencias e coñecementos.

-Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos orais, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.

-Seguimento verbal e non verbal de instrucións sinxelas en situacións comunicativas habituais.

-Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos, para a adquisición do léxico e expresións cotiás da lingua estranxeira.

-Familiarización con sons, pautas de ritmo e entoación característicos da lingua estranxeira, a través do modelo do mestre e de recursos audiovisuais.

-Expresión de mensaxes con claridade axustándose ós modelos.

-Produción de textos orais coñecidos previamente mediante a participación activa en rutinas.

-Produción de textos orais cotiás de índole diversa tendo en conta tanto elementos lingüísticos como extralingüísticos.

-Pronuncia de palabras e frases cotiás de forma comprensible.

-Seguimento das normas que regulan a interacción oral: quendas de palabras, volume de voz e ritmo adecuado.

-Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos escritos, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.

-Iniciación á lectura guiada e comprensión de diferentes textos sinxelos, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura.

-Uso dos signos de puntuación máis básicos.

- Produción de mensaxes escritas con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas.
- Emprego do léxico adecuado ó tema e uso dalgún recurso cohesivo para non repetir palabras.
- Reprodución da forma gráfica de certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados.
- Elaboración de breves textos escritos afíns ós intereses e experiencias dos alumnos, cunha intención comunicativa.
- Utilización de formas básicas de relación social na lingua estranxeira.
- Aspectos sociais e culturais próximos ós intereses dos nenos, dos países onde se fala a lingua estranxeira e doutros países do mundo.

TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE

No primeiro trimestre de este curso adicaremos un tempo a reforzar os estándares que, debido a Covid19, non quedaron suficientemente traballados.

Unidade Introdutoria

- Welcome to the Tiger Street Club! Active vocabulary: banana, board game, clock, guitar, jumper shoe. Days of the week. The alphabet.
- Active structures: What´s your name? I´m Ben. How old are you? I´m nine. Where do you live? I live in Tiger Street. Where´s the shoe? It´s in/ on/ under/ behind/ next to... How do you spell "tiger"?

Primeira unidade

- A computer for the club. Active vocabulary: do sports, go on excursions, help people, listen to music, make things, paint pictures, play games, take potos, use a computer, watch films. Keyboard, mouse, printer, screen.
- Active structures: I Paint pictures. I don´t make things. Do you do sports? Yes, I do / No, I don´t.

Segunda unidade

- Animal World. Active vocabulary: beak, claws, feathers, fur, scales, Shell, tail, teeth, whiskers, wings. Blood, mammal, reptile, skin.
- Active structures: It´s got a tail. It hasn´t got claws. Has it got a shell? Yes, it has / No, it hasn´t.

2º TRIMESTRE

Terceira unidade

- Sports Star. Active vocabulary: dive, do judo, do karate, ice skate, play table tennis, ride a bike, ride a horse, rollerblade, row, skateboard. 20, 30, 40, 50, 60, 70, 80, 90, 100. Roll, stretch, tap, touch, turn around, walk.
- Active structures: I can do judo, He can dive. I can´t row. She can´t ice skate. Can you rollerblade? Yes, I can. / No, I can´t.

Cuarta unidade

- Food we like. Active vocabulary: chicken, chocolate, crisps, fruit juice, ice cream, salad, sándwiches, strawberries, water, yogurt. Fruit salad, ice lolly, smoothie, vegetable stick, hot lunch, packed lunch.
- Active structures: I like crisps. He likes sanwiches. I love strawberries. I don't like chocolate. I like water but I don't like fruit juice. Do you like ice cream? Yes, I do./ No, I don't.

Quinta unidade

- Things we do every day. Active vocabulary: Brush your teeth, get up, go home, go to bed, go to school, have breakfast, have dinner, have lunch, have a shower, put on your pyjamas. Eight o'clock, half past seven, in the morning, in the afternoon, in the evening, every day.
- Active structures: I go to school at nine o'clock. He goes home at half past four. I don't have lunch at half past twelve. Do you go to bed at half past nine? Yes, I do./ No, I don't. What do you do every day? What time is it? It's half past ten.

3º TRIMESTRE

Sexta unidade

- At the beach. Active vocabulary: collecting shells, fishing, lying in the shade, make a sandcastle, playing Frisbee, playing volleyball, playing with a bat and ball, putting on sun cream, snorkelling, swimming in the sea. Crab, jellyfish, rock pool, seahorse, sea urchin, seaweed, starfish.
- Active structures: I'm playing Frisbee. He's snorkelling. We're lying in the shade. Are you fishing? Yes, I am. / No, I'm not. What are you doing?

Sétima unidade

- Tiger Street Club review. Active vocabulary: actor, audience, costume, lights, make-up, poster, programme, script, stage, ticket. Play, rehearse, review, show.
- Active structures: Revision.

4. ACTIVIDADES TIPO

Para o desenvolvemento dos contidos e das competencias clave levaranse a cabo actividades dos seguintes tipos:

Para o bloque 1: Comprensión de textos orais

- Elaboración de diálogos.
- Práctica de instrucións, indicacións e peticións na clase.
- escoita de textos, cancións, rimas, historias e diálogos para despois contestar preguntas, completar resumos ou elaborar outros similares.
- Identificar palabras deletreadas.

Para o bloque 2: Producción de textos orais

- Elaboración de diálogos e pequenos textos descritivos ou narrativos individualmente, en parellas ou grupos.
- Cantar cancións.
- Repetir rimas ou chants.
- Facer xogos co vocabulario básico: dicir a palabra que falta. Recordar a orde das palabras, averiguar a frase...

Para o bloque 3: Comprensión de textos escritos

- Ler textos de diverso formato: diálogos, mensaxes de correo electrónico, historias...
- Responder preguntas sobre o texto lido.
- Completar resumos.
- Ordenar as frases dun resumo.
- Completar actividades de verdadeiro ou falso.
- Unir preguntas e respostas.
- Unir frases con imaxes.

Para o bloque 4: Producción de textos escritos

- Escribir o vocabulario debaixo das imaxes.
- Escribir diálogos, mensaxes de correo electrónico, descrições ou pequenos textos seguindo un modelo.
- Completar formularios.
- Contestar preguntas sobre unha imaxe.
- Ordenar letras para formar palabras.
- Ordenar palabras para formar frases.

Para o bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural.

- Ler textos sobre aspectos culturais propios dos países de lingua inglesa.
- Buscar información sobre aspectos culturais propios dos países de lingua inglesa.
- Practicar convencións típicas de esta lingua.
- Resolver encrucillados e sopas de letras.
- Ilustrar un texto.
- Colorear seguindo as indicacións dun texto.
- Clasificar palabras/frases.

- Completar táboas ou esquemas con información obtida preguntando ou lendo.
- Ordenar debuxos segundo o que de escoita.
- Corrixir textos de acordo cunha imaxe ou un texto.

5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Segundo o protocolo establecido pola Covid19, en caso de confinamento usaremos as plataformas dixitais dos libros de inglés.

No caso de 3º de Primaria a plataforma sería MacmillanEducationEverywhere e a aplicación Navio.

A metodoloxía estará baseada nos seguintes principios metodolóxicos:

- Fomentar a motivación do alumnado cara á aprendizaxe, favorecendo que teña un papel máis activo e autónomo.
- Coñecer o nivel de desenvolvemento psicolóxico dos alumnos para partir del.
- Favorecer a creación de procesos de aprendizaxe significativos.

Estes principios serven de base ós puntos concretos que se traballarán na metodoloxía:

- Preténdese manter a súa curiosidade natural do alumno, alimentala e xerar neles o desexo de coñecer cousas novas. Ademais, aproveitarase a necesidade de comunicación para introducilos na competencia comunicativa noutra lingua.
- A linguaxe, a través das actividades, presentarase nun contexto próximo ao alumno, aos seus intereses e experiencias, facendo énfase no propósito comunicativo da nova lingua.
- Tratarase de expor o alumno a unha grande variedade de experiencias. Isto favorecerase a través de cancións, textos, xogos, historias, chants.
- Para o desenvolvemento das diversas competencias fomentarse a adquisición das destrezas e o coñecemento necesarios para lograr a autonomía na propia aprendizaxe e conseguir un ambiente de traballo positivo e cooperativo, utilizando diversos tipos de agrupamento e dando pautas para o traballo autónomo.

Aínda que o obxectivo a longo prazo é o desenvolvemento equilibrado das catro destrezas básicas, neste curso traballarase en maior grado a expresión e comprensión oral.

O vocabulario básico estará agrupado por unidades didácticas e cada unidade didáctica desenvolverase arredor dunha historia, a partir da cal se introducen as palabras e expresións novas que se traballarán tamén por medio de cancións, chants e xogos.

Este vocabulario básico será revisado e reciclado sistemáticamente mediante actividades variadas para asegurarse da súa interiorización e da asimilación da pronunciación, o que sentará as bases para unha expresión comprensible desde o principio.

Potenciarase o desenvolvemento das Competencias básicas ou disciplinares (Comunicación lingüística, Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía), aínda que tamén se atenderá o resto de Competencias Clave de tratamento transversal.

6. AVALIACIÓN

6.1. Procedementos de avaliación

Realizarase unha avaliación continua para detectar os progresos e dificultades, e buscar as formas de intervención axustadas ás necesidades concretas de cada alumno.

A avaliación que levaremos a cabo constará dos seguintes momentos:

- Avaliación inicial, para coñecer o punto de partida.
- Avaliación formativa, para coñecer os logros e dificultades no momento mesmo de producirse.
- Avaliación final, para coñecer o nivel alcanzado ó termo de cada momento de ensino-aprendizaxe.

Para a recollida de información desta avaliación continua utilizaremos:

- Observación directa e sistemática do alumnado
- Seguimento dos traballos realizados.
- Comprobación da participación nas actividades.
- Entrevistas ou diálogos directos cos alumnos, en xeral ou de forma particular.
- Rexistro dos datos.

Empregaranse os instrumentos de avaliación expostos no seguinte punto.

6.2. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

Criterios de avaliación	de	Estándares de aprendizaxe	de	Competencias	Instrumentos de avaliación	de	Criterios de cualificación
Bloque 1: -Comprender o Sentido xeral, e a Información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá e que contén co apoio visual correspondente. -Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos		<ul style="list-style-type: none">▪ Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado.▪ Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas		CCL	-Probas de listening dalgúns destes tipos: Verdadeiro/Falso Rodear a palabra correcta Elixir o debuxo correcto Ordenar debuxos		O total do valor dos exercicios será un 20% do total da nota da avaliación

<p>diferentes contextos comunicativos de forma significativa.</p>	<p>(instrucións, indicacións, peticións, avisos).</p>	<p>CCL</p>		
<p>Bloque 2:</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. ▪ Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido. 	<p>CCL CAA CSC</p>		
<p>-Falar de si mesmo e das persoas da súa contorna inmediata, de obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses</p>	<p>-Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo e aos demais</p>	<p>CCL</p>	<p>Lectura de textos</p>	<p>10% do total da nota</p>
<p>-Participar de forma activa e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara</p>	<p>cunha pronuncia e entoación comprensibles. -Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.</p>	<p>CCL CSC</p>	<p>Realización dun diálogo ou presentación breve</p>	<p>10% do total da nota</p>
<p>Bloque 3:</p> <p>-Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados</p>	<p>-Amosa interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros.</p> <p>-Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.</p> <p>-Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de</p>	<p>CCL CSC</p>	<p>Proba de vocabulario oral</p> <p>Uso do idioma estranxeiro na aula</p>	<p>10% do total da nota</p> <p>Sempre 10%</p> <p>Habitualmente 7%</p> <p>As veces 3%</p> <p>Nunca 0%</p>

<p>Bloque 4:</p> <p>-Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable correccións convencións ortográficas e os principais signos de puntuación</p> <p>-Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.</p>	<p>apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais.</p> <p>-Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.</p> <p>-Amosa interese por informase, comunicarse e aprender a través dos textos escritos</p> <p>-Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.</p> <p>- Escribe conversas e textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses.</p> <p>-Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.</p> <p>-Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade</p>	<p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL CAA</p> <p>CCL CSIEE</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p>	<p>Proba escrita con tarefas do tipo:</p> <p>Ler e rodear verdadeiro ou falso</p> <p>Ler e colorear</p> <p>Ler e debuxar</p> <p>-Elaboración de textos breves</p> <p>-Exercicios nos test do tipo:</p> <p>Escribir palabras segundo a imaxe</p> <p>Contestar preguntas sobre un debuxo</p> <p>Elaborar frases</p> <p>Completar frases ou textos</p>	<p>Indícase na proba o valor de cada tarefa, o total será dun 10% da nota final da avaliación</p> <p>10% do total da nota</p> <p>10% do total da nota</p>
---	--	--	---	---

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto
- Aplicación NAVIO
- Tarxetas de vocabulario
- Contos
- Pósters
- DVD
- Internet
- Caderno de traballo
- Fichas de tarefas
- Dicionarios ilustrados

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Adoptaranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Agrupamentos por niveis mixtos para que uns compañeiros poidan axudar os outros. Titoría entre iguais.
- Previsión de actividades para os que rematan pronto as tarefas: xogos de vocabulario, lecturas...
- Maior tempo de atención individualizada cos que presentan maiores dificultades, mentres os demais traballan autónomamente.
- Adaptación e simplificación de actividades para os que teñan un ritmo máis lento.
- Maior contacto cos pais a través da titora naqueles casos en que hai faltas reiteradas de material ou de traballo na casa.

Con respecto aos alumnos que presentan dificultades de aprendizaxe adoptaránse as seguintes adaptacións metodolóxicas:

1. Proporcionarlle a máxima **atención individualizada** posible e animalo a preguntar cando teña algunha dúbida.
2. **Comprobar sempre que entendeu** o material escrito co que debe traballar.
3. Concederlle **máis tempo** que aos seus compañeiros de clase para realizar as tarefas.
4. Evitar sacalo ao encerado cando non esteamos seguros de que o vai facer ben.
5. **Destacar os aspectos positivos** do seu traballo.
6. **Reforzar** as habilidades nas cales o alumno se sinta cómodo e potencialas ao máximo.

7. **Reducir a copia** de enunciados ou información escrita (encerado, libro de texto, etc.) así como preguntas ditadas.
8. Buscar **reforzos visuais ou auditivos** para traballar os contados
9. Ter **expostos na aula** murais interactivos e reforzos visuais para favorecer as aprendizaxes, así como materiais elaborados por eles relacionados cos seus intereses e motivacións.
10. **Evitar** a corrección en **vermello**.
11. Considerando a evolución do alumno, **evitar a corrección sistemática de todas as faltas** de ortografía e **avaliar os traballos, tarefas, probas ou exames en función do contido**.
12. **Asegurarse de que o alumno entendeu as instrucións da tarefa**: cando o alumno debe realizar unha actividade cuxas instrucións se lle presentan por escrito, o profesor deberá asegurarse de que este as entendeu.
13. Utilizar o **ensino titorizado**: o profesor pode xuntar a alumnos para repasar as actividades, para preparar un exame, ler en voz alta un a outro, escribir historias, etc.
14. Diseñar máis actividades nas que teña **maior peso a linguaxe oral** que a escrita.

Pautas específicas de avaliación:

1. Utilizar **cores alternativas** ao vermello para a corrección (os alumnos asocian o vermello ao fracaso)
2. Evitar a **corrección sistemática** de todos os erros na súa escritura.
3. Presentar **as preguntas da proba por escrito** (non ditar)
4. **Dar as datas** dos exames cunha semana de antelación como mínimo.
5. **Expor alternativas** complementarias de avaliación á proba escrita dependendo das características do alumno:
 - a. Proba oral.
 - b. Proba tipo test.
6. Cambiar o **formato da proba escrita**: enunciados curtos, destacar palabras claves dos enunciados, actividades de relacionar con apoio visual, poñer un exemplo, presentar una cuestión por pregunta...
7. **Examinalo oralmente** ou, no seu caso, **lerlle as preguntas** do exame para asegurar a súa comprensión e axilizar a resposta.
8. Considerar o **caderno de traballo** como ferramenta de avaliación.
9. Nas probas escritas, **asegurarnos de que comprende** o enunciado de todas as preguntas.
10. Proporcionar **tempo adicional** nas probas de avaliación escritas e/ou reducir o número de preguntas a contestar.
11. Avaliar as probas de avaliación e traballos en **función do contido**.

Con respecto aos alumnos que presentan Adaptación Curricular, a Avaliación farase seguindo os criterios sinalados na ACI.

9. ACCIÓN PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR E DE FOMENTO DA LECTURA

Ademais do traballo de lectura que se fai habitualmente na clase de acordo coas posibilidades deste curso, téñense previsto as seguintes accións:

- Adquisición de máis libros en inglés para a biblioteca do centro e promoción entre o alumnado da posibilidade de préstamo na biblioteca de libros nesta lingua.

- Formación dunha pequena biblioteca de aula con materiais axeitados ó curso.

Tamén se levarán a cabo actividades do tipo:

- Lectura de textos en voz alta.
- Lectura dramatizada de historias.
- Lectura de dramatizada de diálogos.
- Lectura rápida para buscar información en textos de diverso formato e orixe.
- Escoita de textos, historias e diálogos lidos por nativos, polo profesor ou por outros alumnos.

10. ACCIÓNS PREVISTAS PARA A INTEGRACIÓN DAS TICS

As accións previstas para a integración das Tics son as seguintes:

- Fomento da utilización na casa por parte dos alumnos do CDrom que acompaña o libro de texto.
- Darlles información de páxinas Web útiles para a aprendizaxe do inglés.
- Elaboración de proxectos nos que se poida precisar a utilización das Tics.
- Utilización de Internet para a búsqueda de información

11. CONTIDOS DE TRATAMENTO TRANSVERSAL: VALORES, ACTITUDES E ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA

Promoveranse os seguintes valores e actitudes:

- Educación e respecto na lingua estranxeira.
- Esforzo co vocabulario e estruturas novos.
- Interese e respecto cara ás opinións dos compañeiros, a súa lingua materna, acento, orixe, etc.
- Superar o bloqueo mental cando se coñece novos falantes da lingua estranxeira
- Escoita atenta e mostrando seguridade
- Uso da lingua estranxeira na clase

Ademais dunha ou outra forma en todas as unidades se tratan temas relacionados coa educación moral e cívica, a educación ambiental, a educación para a tolerancia, a educación para a igualdade de ambos os dous sexos, a educación para a saúde e a educación para o ocio.

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LINGÜÍSTICO

Traballarase durante o curso o vocabulario e expresións máis habituais na aula, para fomentar o seu uso.

Realizaranse actividades orais variadas: cancións, diálogos dramatizados, exposicións orais.

Traballarase aspectos comúns tamén ás linguas cooficiais: como redactar diversos tipos de textos, lecturas con diversos obxectivos (comprensión global, busca de información concreta)

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Na asignatura de inglés traballarase algúns dos aspectos culturais comúns ós países de fala inglesa e España e outros específicos dos países de fala inglesa que tamén se empezan a introducir aquí, comparando as semellanzas e diferenzas entre as dúas culturas.

A maioría das celebracións traballarase na aula, aínda que nalgún caso se realice tamén algunha actividade complementaria ó traballo da clase. Prevense as seguintes actividades:

- Halloween: participación na elaboración de cabazas e debuxos.
- Nadal: elaboración de tarxetas de felicitación.
- Entroido: colaboración nas actividades do centro para conmemorar esta celebración.

Se durante o curso xurdise algunha actividade non prevista de interese para os obxectivos desta materia tamén se levaría a cabo.

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Teranse en conta estes criterios:

- Consecución dos obxectivos establecidos para cada curso.
- Adecuación dos contidos ó curso.
- Eficacia da metodoloxía empregada.
- Utilidade dos materiais e recursos didácticos empregados.
- Posibilidade de realización de tódalas accións previstas.

Realizarase un proceso continuo de avaliación da programación segundo os resultados obtidos no traballo diario cos alumnos e realizaranse os cambios e adaptacións en canto a contidos e metodoloxía que sexan necesarios e se poidan levar a cabo.

Asimismo, segundo os resultados finais dos alumnos, verase a conveniencia e posibilidade de cambiar para o seguinte curso os materiais e recursos didácticos empregados.

Previsión para o curso	Desenvolvemento do curso	Obxectivos non acadados	Posibles causas	Medidas correctoras
Unidade introdutoria_Setembro				
Primeira unidade__Outubro				
Segunda unidade__Novembro				
Christmas_Dece mbro				
Terceira unidade__Xaneiro				
Cuarta unidade__febreiro				
Quinta unidade__marzo				
Sexta unidade__abril				
Sétima unidade__maio				
Oitava unidade__xuño				

Utilizarase a seguinte táboa de seguimento: